

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE FACENDA

*RESOLUCIÓN do 24 de febreiro de 2014, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, convocado pola Orde do 16 de xullo de 2013 (DOG número 140, do 24 de xullo), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio da fase de oposición.*

En sesión que tivo lugar o día 24 de febreiro de 2014 constituíuse o tribunal nomeado pola Orde do 16 de xullo de 2013 para cualificar o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, e acordou, de conformidade co disposto na base II.1.1.1 da convocatoria, que o primeiro exercicio da fase de oposición terá lugar o día dous (2) de abril de 2014, en chamamento único que se iniciará ás 15.30 horas, na Escola Galega de Administracións Públicas, aula 11.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis do nº 2 e goma de borrar.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento do que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2014

Manuel Mateo Díaz  
Presidente do tribunal

